

Xentes de armas tomar (II)

A Garda Civil tivo que investigar se as denuncias do Somatén eran fiables ou se había un abuso do poder

Xerardo Dasairas*

30-06-19 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2019/06/30/xentes-armas-ii-15647446.html>

O Somatén chegaría a contar en **Galicia** nos seus primeiros anos cuns quince mil adscritos, a maioría afeccionados á caza que vían na súa filiación unha maior posibilidade de "darlle ao gatillo" sen restricións. Aparte disto, a súa operatividade apenas ficaría circunscrita á detención de pequenos delincuentes, intervención en trifulcas de aldea e casos comúns de alteración da orde pública.

Porén, onde máis se significaron, foi na parafrenalia dos desfiles, recepción de autoridades, bendición de bandeiras, imposición de bandas e medallas, nomeamento de madriñas, exercicios de tiro e ágapes de confraternización. En principio, cabe explicar a organización do Somatén nos concellos do Morrazo motivada pola presenza dos sindicatos da Alianza Mariñeira en Moaña e **Cangas**, xa moi mediatizados pola CNT, mais a ilegalización deste sindicato e a connivencia da UGT co réxime, habían producir neste periodo un efecto narcotizante da actividade sindical, moi reivindicativa anteriormente.



Rodríguez Rivera



Manuel Otero



Antonio

Xa que logo, a actividade dos somaténs da zona limitaríase a formaren armados durante a visita de Primo de Rivera a **Bueu** e Cangas o día 27 e a Moaña o 28 do mes de xullo do 1924. Nestas visitas aos portos, o presidente do Directorio estivo sempre acompañado do promotor dos Pósitos, Alfredo Saralegui, coa intención de darlle máis importancia e releve a estas institucións ata agora moi contestadas polos sindicatos da Alianza Mariñeira de Cangas e Moaña.

Primo de Rivera chegaría a Cangas o domingo día 27 ás sete da tarde, acompañado do xeneral Martínez Anido, moi asiduo da vila e durante uns anos con rúa na súa honra, sendo recibido polo alcalde Pedro Rodríguez Pérez (extenente da Garda Civil) e a corporación nomeada polo Directorio na que figuraban Benigno G. Soage, Emilio Lorenzo, M. Sotelo Barreiro e Antonio Rodal (tenentes de alclade); Francisco Eiroa Graña (síndico); Jesús Solla Graña (interventor) e os concelleiros Luis Bolívar, Vicente Nogueira, Emilio García, Andrés Romay, José Rodal e Antonio Bastos.



Os sons da banda de música local amenizarían o acto entoando a Marcha Real (aínda que non era o Rei) e un enorme xentío tíñase concentrado no peirao pois o comercio xa pechara unha hora antes por orde municipal.

A chamamento do alcalde tamén se ergueran dous arcos de trunfo feitos con redes e trebellos mariñeiros, mesturados con ramallos de loureiros e baixo eles e pola rúa Real, chea de flores e bandeiras, a comitiva dirixiuse cara o consistorio. Na porta do Concello, onde había unhas señoritas ataviadas co traxe típico, o alcalde solicitoulle ao xefe do Directorio militar a construción de estradas, un grupo escolar, ampliación dos muelles e dragado do porto, a redención dos foros e o indulto do soldado Ángel Iglesias, veciño de Cangas.

No salón de actos, despois dos discursos e vivas a España, ao Rei, ao exército, a Primo de Rivera e a Martínez Anido, o ditador prometeu cumprir coas peticións pero só sabemos que o Ministerio de Fomento agradeceu o recibimento dado e que mandou 200 plataneiros dos que algúns aínda dan sombra en Cangas. Logo partiría de Cangas cara **Vigo** no vapor "María Luisa" entre vivas, os sons da banda, repenique de campás, foguetes e o ouleo das sereas de cento cincuenta vapores de pesca que o escoltaron no traxecto.

A visita a Moaña tería lugar o día 28 pola tarde arribando á vila o barco "Caramiñal", procedente de Vigo. No mesmo, xunto co ditador e o seu séquito, viña Alfredo Saralegui, promotor dos pósitos, a quen na mañá deste mesmo día se lle impuxera en Vigo a Gran Cruz da Beneficencia. No peirao, ademais do Somatén, foi recibido pola corporación local co alcalde Ernesto Carballo á fronte e o presidente da Unión Patriótica, o avogado Laurentino Espinosa **Valladares**. O único "civil" sen cargo institucional que puido acceder ao desvencillado peirao sería o coñecido gaiteiro "Casipolo" por razóns obvias derivadas do seu oficio.

Outra ocasión na que se reuniu o somatén cangués foi en outubro do 1928 con motivo da visita do comandante xeral dos somaténs Rafael Rodríguez Rivera, acompañado do xefe auxiliar Rafael González Besada. Sobre a presenza do capitán xeral da 8ª rexión militar en Cangas, un domingo, vestido de paisano e sen repercusión mediática, cabe especular con que tivese un carácter máis ben familiar se temos en conta a coincidencia de apelidos co cabo do somatén e co seu pai, Pedro Rodríguez Pérez, tenente da Garda Civil retirado e alcalde de Cangas nomeado polo Directorio.

A esta convocatoria tamén acudiron algúns membros do partido único Unión Patriótica (U.P.) fundado no 1924 por Primo de Rivera para darlle un carácter máis civil á ditadura militar. Este partido comezou a organizarse en Cangas a mediados de setembro do 1925 e dous meses despois

constituiría a súa primeira directiva, contando en Cangas con cincuenta e cinco afiliados máis outros poucos que se irían sumando nas parroquias do concello.

O párroco de Cangas, Valentín Losada, era o presidente honorario e Francisco Fernández Cervera foi o presidente efectivo durante todo o periodo da Ditadura. O vicepresidente era o xa nomeado alcalde e garda civil retirado, Pedro Rodríguez Pérez; secretario, o mestre José Monje (Manuel Lagoa no 1927) e os vocais Camilo Enríquez Pozzi, José Olivera, Luis Bolívar, Manuel Núñez García (médico en Aldán); Álvaro García, César Abellás (médico en Coiro); Daniel Eiroa; Arcadio Villar; Ángel Iglesias e o médico José González Graña Pepe Arís (en 1927).

Agustín Jáuregui tamén se significaría como militante e xunto con membros da directiva decidiron abrir un Casino (denominado Centro Recreativo y Cultural) onde poder xuntarse e celebrar actos e festas. Unha das últimas intervencións do somatén cangués foi a mediados de maio do 1928 no Porriño, a onde acudiu, xunto coa corporación e a directiva da Unión Patriótica, para cumprimentaren a Primo de Rivera.

Intervencións do Somatén

Aparte disto, e seguindo a tónica xeral de Galicia, só cabe suliñar como únicas intervencións na zona, as do somatén de Cangas, efectuada unha polo seu cabo José Rodríguez que detén a un pai e un fillo por roubaren un eucalipto na Choupana. Outra actuación foi a do somatenista Manuel Otero Rios, presidente da Sociedade "La Unión" e concelleiro, que en xullo do 1924 xa se destacara por pedir a redención dos foros en nome das sociedades agrarias. Agora volvería a sobrancear por levar a cabo a detención dun veciño seu do Hio por facer escándalo público estando bébedo. O "poder" do que se consideraba investido este veciño de Liméns levaríao a ser multado polo alcalde Pedro Rodríguez por descortesías cara el e desobediencia á Xefatura de Montes.

Outras "importantes actuacións" do Somatén cangués foron as practicadas por Arcadio Meira que apresaría a un veciño de Moaña por portar arma de fogo sen licenza e as dos somaténs Benjamín Caamaño e José Solla que deterían a tres mozos por un furto nunha finca. Contodo, cabe destacar que varias veces tivo que desprazarse a Cangas o comandante da Garda Civil, Salvador Gómez Fuentes, para comprobar se estas denuncias eran fiables e non conlevaban abuso de poder.

Como pode verse claramente, as anecdóticas actuacións do somatén no **Morrazo** non diferían moito das levadas a cabo en Galicia e que en términos xerais, xa mencionamos anteriormente.

**Mestre e investigador*